

1. A Lúa

Ler e comprender



A lúa é velliña,
de brancos cabelos,
de enrugas de ouro
e de olliños cegos.

Érguese do leito
das foulas do mar
palpando os espazos
para camiñar.

Anda polo mundo
sen ver a onde vai
pois as estreliñas
lévana da man.

Envolveita en néboas
hase de abrigar
pois como vai vella
tense de coidar.


Cando na outa noite
brúa o temporal
a lúa entre as tebras
tápase a tremar.
E así que o mal tempo
amainando vai
asoma a faciana
e espalla o luar.

Luis AMADO CARBALLO

Poesía 2

A lúa está cociñando
neboeiros na tixola.
O sol, sentado con ela,
non quere que estea soa.

O sol á casa da lúa
vai cear todos os días.
Cando remata o labor
colle no ceo o tranvía.



Andan ás présas os dous.
Don Tempo na porta chama¹.
Unha marcha ao seu traballo.
Outro lisca para a cama.

Antonio García Teijeiro (fragmento e adaptación)

VOCABULARIO

foula: escuma do mar.

tebras: ausencia de luz.

faciana: cara, rostro.

luar: luz do Sol reflectida pola Lúa que ilumina a Terra durante a noite.

neboeiro: néboa espesa e baixa.

1. Escribe brevemente de que trata cada un dos poemas.

Lee y aprende este poema con rimas fáciles:



A la rima, rima,
¿quién rima mejor?
¿Mi prima Sabrina
o mi amiga Flor?

A la rima, rima,
¿quién rima con Flor?
¿Aníbal, Esteban
o acaso Melchor?

A la rima, rima,
¿quién rima y se anima
a escribir la rima
que rime mejor?

**Continuar esta poesía utilizando vuestros nombres y el nombre de
vuestros compañeros/as**

A la rima, rima,
¿quién rima con..... (vuestro nombre)

.....